

Estrutura

1. Condicións xerais da proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade

A proba de avaliación do Bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao (ABAU) adecuarase ao currículo de bacharelato e versará sobre as materias xerais do bloque das materias troncais da modalidade elixida e sobre a materia de Lingua Galega e Literatura II, todas elas correspondentes ao segundo curso de bacharelato e, no seu caso, sobre as materias de opción do bloque das materias troncais de segundo curso.

As administracións educativas e as universidades públicas organizarán a proba de avaliación do Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) e garantirán a adecuación da mesma ao currículo de bacharelato así como a coordinación entre a universidade e os centros que dispensan bacharelato para a súa organización e realización.

2. Estrutura da proba ABAU

A proba de avaliación do Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) estrutúrase en dúas partes denominadas respectivamente Parte Obrigatoria e Parte Voluntaria.

PARTE OBRIGATORIA

• A **Parte Obrigatoria** da proba ten por obxecto valorar a madurez e destrezas básicas que debe acadar o estudiante ao finalizar o bacharelato para seguiren as ensinanzas universitarias oficiais de Grao, especialmente no que se refire á compresión de mensaxes, uso da linguaxe para analizar, relacionar, sintetizar e expresar ideas, a comprensión básica dunha lingua estranxeira e os coñecementos e técnicas fundamentais dunha materia de modalidade. Versará sobre as materias troncais xerais cursadas, a materia correspondente do bloque das materias troncais da modalidade elixida, así como sobre a materia de Lingua Galega e Literatura II:

| MATERIAS TRONCAIS XERAIS E MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÍMICA | | | | |
|--|-------------------------|--|-------------------|--|
| - Historia de España | | | | |
| - Lingua Castelá e Literatura II | | | | |
| - Lingua Galega e Literatura II | | | | |
| - Primeira Lingua Estranxeira II: Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués (Opción lingüística cursada) | | | | |
| MATERIA DE MODALIDADE (cursada) | | | | |
| ARTES | CIENCIAS | CIENCIAS SOCIAIS | HUMANIDADES | |
| - Fundamentos da Arte II | - Matemáticas II | - Matemáticas aplicadas as Ciencias Sociais | - Latín II | |
| Nota: No caso da materia de modalidade o alumnado terá que examinarse obrigatoriamente da materia troncal correspondente á modalidade de Bacharelato cursado. | | | | |

Cada un dos cinco exercicios da Parte Obrigatoria da proba presentará *dúas opcións diferentes* entre as que o estudiante deberá elixir unha.

Para a realización dos exercicios, os estudiantes poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios de *Lingua Castelá e Literatura II*, *Lingua Galega e Literatura II* e da *Primeira Lingua Estranxeira II* da que se trate deberán desenvolverse nas súas respectivas linguas.

Cada exercicio terá unha *duración máxima de hora e media (90 minutos)*, establecéndose un intervalo mínimo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

PARTE VOLUNTARIA

- A **Parte Voluntaria** da proba ten por obxecto a avaliación dos coñecementos e a capacidade de razoamento nuns ámbitos disciplinares concretos relacionados cos estudos que se pretende cursar e permite mellorar a cualificación obtida na Parte Obrigatoria. A Parte Voluntaria da proba versará sobre:

- as **materias de opción** do bloque das materias troncais de segundo curso,
- as **materias** xerais troncais específicas **de modalidade** distintas daquela da que se examine na Parte Obrigatoria da proba, e
- a materia **Segunda Lingua Estraneira II: Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués** (unha das opcións lingüísticas diferente da opción cursada na materia troncal *Primeira Lingua Estraneira II*).

| MATERIAS OBXECTO DE EXAME NA PARTE VOLUNTARIA | | | |
|---|-------------------------|--|-----------------------------------|
| MATERIAS DE OPCIÓN (para todas as Modalidades) | | MATERIAS DE MODALIDADE (agás aquela da que se examinou na Parte Obrigatoria) | |
| - Artes Escénicas | - Grego II | - Fundamentos da Arte II | (agás Bacharelato de Arte) |
| - Biología | - Historia da Arte | - Latín II | (agás Bacharelato de Humanidades) |
| - Cultura Audiovisual II | - Historia da Filosofía | - Matemáticas II | (agás Bacharelato de Ciencias) |
| - Desenho Técnico II | - Química | - Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II | (agás Bach. C. Sociais) |
| - Deseño | - Xeoloxía | MATERIA OPTATIVA | |
| - Economía da Empresa | - Xeografía | <i>Nota:</i> A opción lingüística escollida será diferente da opción da que se examina na Primeira Lingua Estraneira II. | |
| - Física II | | Segunda Lingua Estraneira II: Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués | |

Nota: a efectos de organización da proba, o alumnado indicará na solicitude de matrícula da ABAU a materia ou materias (máximo catro materias) das que se examinará na Parte Voluntaria.

Na Parte Voluntaria da proba cada estudante poderá examinarse dun máximo de 4 materias de entre aquelas que son obxecto de exame nesta parte da proba, agás aquela materia troncal de modalidade da que se examinou na Parte Obrigatoria da ABAU.

No caso da Segunda Lingua Estraneira II a **opción lingüística** escollida será **diferente** da opción lingüística da que se examinou na Primeira Lingua Estraneira II.

Cada un dos exercicios da Parte Voluntaria da proba presentará **dúas opcións diferentes** entre as que o **estudante deberá elixir unha**. Para a realización dos exercicios, os estudiantes poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, o exercicio de Segunda Lingua Estraneira II (Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués) deberá desenvolverse na súa respectiva lingua.

Cada exercicio terá unha **duración máxima de hora e media (90 minutos)**, establecéndose un intervalo mínimo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

